

ADVERTENCIA PREVIA: as respostas son orientativas. No caso da composición histórica, a resposta pretende amosar ó alumnado as posibilidades de explotación dos documentos. O nivel de esixencia da proba é o indicado nas rúbricas de avaliación.

OPCIÓN A

1. Define os seguintes conceptos (ata 2 puntos, 0,5 puntos por concepto)

(Extensión recomendada ata 3-4 liñas por concepto)

Antigo Réxime:

Sistema político e socioeconómico propio dos séculos XVI ó XVIII. Caracterízase pola monarquía absoluta como forma predominante de goberno, unha economía de base agraria e unha sociedade de carácter estamental.

Caciquismo:

Práctica política característica do sistema electoral da Restauración borbónica, asentada sobre a influencia dos caciques. Estes poderosos locais utilizaban as súas boas relacións co goberno do momento para desenvolver un sistema clientelar que lles permitía controlar os votos dos electores do seu distrito.

Desastre de Annual:

Derrota das tropas españolas na guerra de Marrocos a mans dos rifeños comandados por Abd-el-Krim. A batalla tivo lugar en xullo de 1921 e acentuou a crise da monarquía de Alfonso XIII, desembocando no golpe de estado do xeneral Primo de Rivera.

Brigadas Internacionais:

Unidades de voluntarios que loitaron na guerra civil española apoiando o goberno republicano. Estaban formadas por traballadores e intelectuais de ideoloxía progresista procedentes de diversos países, que participaron na defensa de Madrid e abandonaron España en outubro de 1938.

2. Explica a seguinte cuestión (ata 3 puntos)

(Extensión recomendada unha cara de folio, 25/30 liñas):

A escoller unha destas dúas opcións:

a) Os Decretos de Nova Planta e os seus efectos.

Baixo esta denominación coñécense un conxunto de normas que provocaron a supresión do réxime foral da Coroa de Aragón, das súas institucións e leis propias. Foi unha reforma auspiciada polo monarca Felipe V de Borbón, inspirándose no modelo francés, co obxectivo de lograr maior grao de centralización territorial, mediante a unificación lexislativa e institucional.

O apoio dos aragoneses a Carlos de Austria durante a Guerra de Sucesión española motivaría a súa aplicación, que se fixo en paralelo ó dominio efectivo dos Borbóns sobre os diferentes espazos: os reinos de Valencia e Aragón en 1707, o reino de Mallorca en 1715 e o Principado de Cataluña en 1716. As principais medidas reguladas nos decretos foron a supresión do Consello de Aragón e a abolición das Cortes de Aragón, Valencia e Cataluña. Tamén se suprimiron os virreis e introducíronse nos diversos territorios institucións casteláns destinadas a garantir un maior control dos mesmos (Audiencias, Capitáns Xerais, Intendentes, Correxidores). A reordenación estendeuse á facenda, aínda que non supuxo a introdución dos tributos casteláns, senón a implantación dun sistema tributario novo. O modelo estaba baseado nun único imposto de cotas fixas, repartido en función da riqueza dos veciños, que inspiraría o proxecto da Única Contribución que despois intentou implantar en Castela o marqués da Ensenada. A supresión das aduanas interiores sería outras das medidas adoptadas entón, xunto coa imposición do castelán como lingua da administración.

Estas reformas modificaron en profundidade a constitución tradicional da monarquía dos Austrias como agregado de territorios que mantiñan as súas propias institucións. Tratouse dun proceso de centralización incompleto, porque as Provincias Vascas e Navarra conservaron o réxime foral, pola súa fidelidade a Felipe V.

b) A reforma agraria da II República.

Un dos elementos centrais do amplo proceso reformista impulsado polos gobernos republicanos foi a reforma agraria. O seu obxectivo era facer fronte á desigual distribución da propiedade da terra, para mellorar a situación do campesiñado e incrementar a produtividade agrícola. A existencia de amplas

masas de campesiños sen terras, xornaleiros das rexións latifundistas do sur, e de pequenos propietarios e arrendatarios ó límite da subsistencia nas rexións setentrionais, constituía un problema endémico en España. Por iso a reforma agraria converteuse nunha das principais reivindicacións do campesiñado.

Antes da súa aprobación en 1932, o goberno provisional de Niceto Alcalá-Zamora xa implantara unha serie de leis que aspiraban a mellorar a situación dos traballadores no campo. Pola súa banda, a Lei da Reforma Agraria regulaba a redistribución da terra, facultando ó Estado á expropiación e reparto de terras particulares nunha serie de supostos. Entre elas estaban as terras incultas ou mal cultivadas, as comunais non explotadas de maneira directa, ou as carentes de rego pola desidia dos seus donos. Posto que a lei tamén prevía a indemnización dos propietarios expropiados, creouse o Instituto de Reforma Agraria, para desenvolver este proceso e facilitar créditos ás familias campesiñas beneficiadas pola medida.

A reforma tivo que afrontar grandes problemas, sobre todo a radical oposición dos propietarios agrícolas. Isto provocou o incremento da conflitividade social no campo, especialmente en Andalucía e Estremadura. A complexidade burocrática do proceso e as limitacións orzamentarias fixeron que a reforma se aplicase con grande lentitude e afectase a moitos menos campesiños dos previstos. Ademais, como todas as reformas emprendidas durante o Bienio progresista, o seu desenvolvemento estaría condicionado pola conxuntura política. Así, derogouse durante o Bienio conservador, mentres o triunfo da Fronte Popular nas eleccións de 1936 conlevou o seu restablecemento. Con todo, o levantamento militar do mesmo ano impediu a súa aplicación e calquera intento de reforma.

3.Composición histórica: ata 5 puntos

(Espazo utilizado: 75 liñas)

A mediados do século XIX os obreiros españois tiñan que facer fronte a duras condicións laborais e salarios reducidos. Esta situación era resultado dun proceso industrializador baseado na explotación da man de obra asalariada, o uso de máquinas e a concentración de traballadores en fábricas. Con todo, a nova clase social xurdida da industrialización, o proletariado, foi tomando conciencia da súa situación, como revela o documento 1, no que se insiste na insuficiencia dos salarios e os prexuízos do traballo feminino e infantil.

A súa publicación en 1855 enmárcase nun contexto de importante conflitividade social. Pese ás importantes reformas económicas impulsadas durante o Bienio Progresista, e o intento de elaborar unha nova Constitución, a de 1856, que non chegou a publicarse, as crises de subsistencias e as epidemias entenderon o malestar entre as clases populares. O propio documento dá conta da

situación, ó sinalar que ía dirixido ás Cortes constituíntes, reunidas mentres «as crises industriais se suceden». O resultado sería unha sucesión de folgas obreiras, iniciadas na industria téxtil catalá e duramente reprimidas polas autoridades, que acabaron desembocando na primeira folga xeral do país. A súa realización é reveladora dos avances experimentados polo movemento obreiro desde os anos vinte, cando tiveron lugar os primeiros movementos ludistas. Tres décadas despois o movemento aparece mellor organizado e a aparición da prensa obreira outorgáballe os medios necesarios para difundir as súas reivindicacións. Por iso, a orixe do documento 1, o periódico El Eco de la Clase Obrera, resulta especialmente significativa.

A principal demanda do movemento neses anos sería o libre dereito de asociación, como sinala o texto. O obxectivo era superar o modelo inicial de Sociedades de Protección Mutua, asociacións destinadas a facer fronte a situacións de precariedade, como a enfermidade, o paro ou a folga. En lugar destes organismos, que mantiñan reminiscencias cos antigos gremios, aspirábase a avanzar cara a organizacións sindicais, que ademais de garantir a solidariedade entre os membros, actuasen como grupo de presión. Un obxectivo que aparece recollido no propio documento ao indicar «concédasenos en adiante para opoñernos ás desmedidas esixencias dos donos dos talleres».

Aínda que os patróns constituían o principal grupo opositor, o movemento obreiro tamén tivo que facer fronte á oposición do goberno na época moderada, cando se prohibiron as asociacións obreiras. O encabezamento do documento 2 reflicte esa realidade, ó indicar que as asociacións obreiras estiveron «encadeadas ... por un poder despótico». O cambio de situación foi consecuencia da revolución Gloriosa, que tivo lugar no mesmo ano 1868 no que está datado o texto. A revolución recoñeceu o dereito de asociación, permitindo ás sociedades obreiras españolas entraren en contacto cos seus homólogos internacionais, representados na Asociación Internacional de Traballadores ou Primeira Internacional. O ideario internacionalista defendía a necesidade de unir os esforzos da clase obreira de todo o mundo para loitar contra o capitalismo, de aí as apelacións que se fan no texto «ós seus irmáns do resto de Europa».

No caso español, a división ideolóxica do internacionalismo en dúas correntes, a marxista e a anarquista, saldouse inicialmente en favor desta última, sobre todo entre o proletariado catalán e o campesiñado andaluz. Unha realidade que aparece reflectida no documento 2, que tamén sinala algunha das premisas do movemento: a defensa da paz, a xustiza e o traballo, e a loita contra os poderes que o ameazaban. A identificación destes co Exército, a Coroa e a Igrexa responde á realidade dun período no que as manifestacións e folgas eran reprimidas polas forzas militares, a Igrexa utilizaba a súa influencia para

defender ós intereses da oligarquía e o crecente autoritarismo e intervencionismo da raíña desembocou no exilio de Isabel II.

Esa primeira orientación anarquista do internacionalismo en España viuse contrarrestada nos anos 70 pola expansión das teorías marxistas e as crecentes discrepancias entre as dúas correntes. A súa evolución estivo moi marcada pola conxuntura política, alcanzando a súa maior expansión durante a Primeira República. Na Restauración correu sorte dispar, sendo duramente reprimido nos primeiros anos da Restauración e recuperando protagonismo na etapa final, cando o goberno liberal legalizou as asociacións obreiras en 1887. De aí que, cando a finais do século teña lugar o desastre do 98, se rexistre un importante aumento da conflictividade social en España.

O impulso rexeneracionista posterior encontrou eco no goberno de Francisco Silvela, responsable da Lei de accidentes de traballo á que se refire o documento 3. No texto indícase a súa condición de lei elaborada polas Cortes e sancionada pola rexente, o que reflicte a soberanía compartida recoñecida pola constitución de 1876. A súa publicación na Gaceta de Madrid, antecedente do actual BOE, certifica a entrada en vigor da lei e a súa condición de norma de obrigado cumprimento. O seu contido, que regula os accidentes laborais e responsabiliza os patróns da súa compensación, é indicativo dos logros do movemento obreiro desde mediados de século. Ben entendido que eran moitas as reivindicacións pendentes, polas que terían que seguir loitando as asociacións de traballadores no século XX.

ADVERTENCIA PREVIA: as respostas son orientativas. No caso da composición histórica, a resposta pretende amosar ó alumnado as posibilidades de explotación dos documentos. O nivel de esixencia da proba é o indicado nas rúbricas de avaliación.

OPCIÓN B

1. Define os seguintes conceptos (0,5 puntos por concepto)

(Extensión recomendada ata 3-4 liñas por concepto)

Catastro de Ensenada:

Avaliación da riqueza da Coroa de Castela iniciada en 1749, a instancias do marqués da Ensenada. Tiña como obxectivo permitir a aplicación da Única Contribución, tributo pensado para substituír as rendas provinciais. Constitúe unha fonte de grande valor para o estudo da poboación e a economía da época.

Desamortización:

Modificación do réxime de propiedade mediante a apropiación e venda polo estado de bens de “mans mortas”, as institucións eclesiásticas e civís que tiñan prohibida o alleamento dos seus bens raíces. As principais operacións fixéronse a instancias de Mendizábal en 1835 e Madoz en 1855.

Semana Tráxica:

Movemento popular que tivo lugar en Barcelona en xullo de 1909, en protesta polo envío de reservistas a loitar na guerra de Marrocos. Provocou unha folga xeral e unha revolta social de signo anticlerical, que foi duramente reprimida, e provocaría a caída do goberno de Maura.

Plataxunta:

Coalición de oposición ó franquismo formada pola Xunta Democrática, impulsada polo PCE, e a Plataforma de *Convergencia Democrática*, formada polo PSOE e os democristiáns. No seu manifesto fundacional, en marzo de 1976, reclamaba amnistía, liberdade política e o inicio dun período constituinte.

2. Explica a seguinte cuestión (ata 3 puntos)

(extensión recomendada unha cara de folio -25/30 liñas):

A escoller unha destas dúas opcións:

a) As vías de difusión do pensamento ilustrado en España

O tradicionalismo dominante nas Universidades, e na maior parte das institucións educativas, fixo que as ideas ilustradas se difundiran en España a través de novas canles. Tertulias, academias e salóns contribuíron a cubrir esa demanda, aínda que o principal medio de difusión foron as Sociedades Económicas de Amigos do País. Estas institucións buscaban o desenvolvemento das comarcas onde se asentaban, pola vía de aplicar novos coñecementos á economía e promover a educación e a cultura.

A primeira en constituirse foi a Sociedade Vascongada, creada por un grupo de ilustrados vascos en 1763. Foi na década seguinte cando se produciu a expansión das Sociedades Económicas en España, tras a publicación por Campomanes do seu *Discurso sobre o fomento da industria popular* en 1774. Nel deseñábase un plan de fomento das Sociedades, para apoiar os programas de reformas emprendidos polo goberno ilustrado. Esta tutela pública, o utilitarismo que dominou as súas actividades e o seu carácter restrinxido explica que os seus integrantes foran sobre todo nobres, clérigos e altos funcionarios. Por iso, aínda que se constituíron multitude de Sociedades en España, os seus logros foron modestos. Con todo, a súa presenza en moitas cidades serviu de revulsivo social, converténdose en centros de irradiación cultural, que suscitarían o receo dos grupos máis conservadores.

A propagación das ideas ilustradas en España viuse facilitada tamén polo desenvolvemento da prensa. Os “papeis periódicos” eran publicacións privadas, impresas co permiso oficial e sometidas á censura eclesiástica. A súa atención adoitaba centrarse en temas culturais ou económicos, como facía o *Diario Noticioso*, a primeira publicación de periodicidade diaria, fundada en Madrid en 1758. Máis resonancia tiveron outras publicacións de carácter crítico e social, como *El Censor*, que debeu facer fronte a importantes problemas coa censura. A actividade desta censura tras o estoupido da Revolución Francesa e o temor á penetración das ideas revolucionarias en España. Para evitalo prohibíronse todos os periódicos non oficiais en 1791, unha decisión que supuxo un duro golpe para a prensa española e o movemento ilustrado.

b) A cuestión nacional no século XIX

No último terzo do século XIX, a imaxe do acontecido noutros lugares de Europa, en España desenvolvéronse os rexionalismos e nacionalismos. Estes movementos, opostos á política centralizadora da Restauración, xurdiron sobre todo en territorios periféricos dotados de elementos culturais diferenciados.

No caso catalán, á altura de 1830 o movemento literario da *Renaixença* impulsou un proceso de recuperación da cultura e a lingua propias. O paso do catalanismo cultural ó político tería lugar nos anos 80, cunha orientación rexionalista, que aspiraba a lograr un maior autogoberno para Cataluña. A creación da Unión Catalanista en 1891, e as súas demandas de restauración das institucións históricas e traspaso de competencias, suporían un novo paso no proceso de afirmación catalanista. Será a principios do século XX cando adopte unha orientación nacionalista, baixo o impulso de Prat de la Riba.

A galeguismo tamén experimentou unha lenta evolución na segunda metade do século XIX. Nunha primeira etapa, iniciada en 1840, o provincialismo alentaría a progresiva toma de conciencia das particularidades e necesidades de Galicia. Ese impulso precursor viuse reforzado nos anos 60 polo *Rexurdimento*, o movemento cultural iniciado por Rosalía de Castro, que aspiraba á revitalización do galego como lingua literaria. Con todo, será a partir de 1880 cando xurda o rexionalismo, defensor do dereito á autonomía política, e que tivo como figuras mais destacadas o liberal Manuel Martínez Murguía e o conservador Alfredo Brañas.

No caso vasco, a evolución foi diferente e estivo marcada por un feito político: a abolición dos foros en 1876. As protestas levaron a Cánovas a aprobar os Concertos Económicos dous anos mais tarde, recoñecendo a autonomía fiscal das Provincias Vascas. Con todo, a plena reintegración foral daría lugar a un movemento reivindicativo encabezado por Sabino Arana. O seu ideario identificaba a etnia e cultura tradicionais como elementos vertebradores do territorio que denominou Euskadi. Para defender a su independencia fundou en 1895 o Partido Nacionalista Vasco.

3.Composición histórica:

Espazo utilizado: 77 liñas.

Como as demais ditaduras fascistas, o franquismo defendeu a dependencia da muller con respecto ó home e a súa marxinación da vida pública. A desigualdade entre sexos era considerada natural e froito das superiores capacidades físicas e intelectuais dos varóns. Esa posición subordinada

supuxo a perda dos dereitos conseguidos polas mulleres durante a II República, e foi parte da supresión de liberdades e dereitos levada a cabo polo réxime.

O modelo ideal promovido polo franquismo identificaba as mulleres como esposas e nais. As faenas domésticas convertíanse así nas principais actividades femininas e a casa no entorno natural da muller. A imposición deses valores ó conxunto da sociedade española apoiábase na tradición, pero tamén foi resultado dun profundo proceso de represión e adoutramento.

A Igrexa foi un dos poderes que mais contribuíu ao logro dese obxectivo. Como reflicte o documento 1, a identificación da maternidade cun «oficio» e un «deber», incidía nesa visión das mulleres como nais: unha mensaxe asentada sobre consideracións de carácter moral, que vinculaban as relacións sexuais co matrimonio e a procreación. Ademais, no texto refórzase esa idea de partida, sinalando que o deber da maternidade era resultado da vontade divina, un argumento de carácter relixioso que ligaba o cumprimento dos preceptos morais coas propias crenzas.

A imposición do ideario católico ó conxunto da sociedade foi posible polo carácter confesional do Estado, froito do apoio prestado ó réxime pola Igrexa desde os seus inicios, unha colaboración que reportou a esta importantes beneficios económicos e a posibilidade de converter os seus valores e normas de comportamento en principios defendidos polas autoridades civís. O cumprimento deste obxectivo esixía a adecuada difusión da mensaxe eclesiástica, o que explica a orixe do documento 1, o Boletín Oficial do Obispado de Pamplona, unha publicación destinada a recoller a postura pública da Igrexa e cuxa periodicidade reflicte o esforzo por achegala á poboación, e sobre todo, ás propias mulleres.

Posto que a eficacia dese traballo dependía da boa sintonía co goberno, a data do documento (1956) tamén resulta interesante. Sitúao no contexto político posterior a 1951, cando a orientación falanxista do réxime deu paso ó nacionalcatolicismo, unha etapa que culminaría en 1957, coa remodelación que introduciu no gabinete a algúns representantes do Opus Dei. Esta circunstancia facilitaría que o modelo feminino lexitimado pola Igrexa fora sancionado polo Estado. O documento 2, que recolle algúns artigos do Código Civil referidos á situación das mulleres casadas, é moi revelador deste proceso.

O seu punto de partida é a consideración do matrimonio como un estado que somete a muller á tutela do marido. De aí os deberes de obediencia e residencia no domicilio conxugal fixados por lei. A atribución ó marido da condición de administrador único dos bens comúns reforzaba eses presupostos, quitandolle á muller toda capacidade legal e económica. Non foron as únicas decisións adoptadas na lexislación franquista, que tamén prohibía o matrimonio civil, o divorcio, o amancebamento e o aborto.

Desde o punto de vista lexislativo, a data do Código Civil (1958) sitúase nun contexto de consolidación da ditadura, despois da etapa inicial de institucionalización do réxime. Agora ben, a imposición dos seus valores non solo esixía a regulación dos mesmos, senón tamén unha certa aceptación social. E para asegurar o sometemento e a pasividade da sociedade foi necesario un grande traballo de adoutrinamento. Neste caso tratábase dun esforzo dirixido ás propias mulleres, para convencelas das bondades do modelo feminino promovido polo réxime. O documento 3 reflicte moi ben esa realidade, tanto pola orixe do texto como polo seu contido.

A edición da revista *Teresa* pola Sección Feminina responde claramente ós obxectivos fundacionais desta organización, creada no seo da Falanxe, para a formación da muller nos principios do partido único. Baixo a dirección de Pilar Primo de Rivera, encargábase de organizar o Servizo Social, que era obrigatorio para as mulleres, aínda que tamén realizaba moitas outras actividades.

O recurso á prensa como medio de divulgar o ideal feminino era unha delas, un instrumento de eficacia garantida polo control dos medios de comunicación por parte do goberno e a censura. Nese contexto, a creación de revistas femininas respondía ó desexo de desenvolver unha propaganda o máis achegada posible ó seu público potencial. Desde ese punto de vista, o contido do documento 3 resulta particularmente revelador. Aínda que a idea de fondo era afastar as mulleres casadas do traballo fóra do fogar, o artigo presenta a cuestión insistindo nos beneficios que para as propias mulleres supoñía o traballo doméstico. Esta situación xustificaba a súa educación diferenciada, desenvolta á marxe dos varóns e fixando como prioridade a súa adecuada capacitación para as tarefas domésticas.

Con todo, a data do documento, o ano 1961, sitúanos nun momento onde esa construción ideal comeza a facer augas. O desenvolvemento económico e a modernización da sociedade dos anos sesenta faría cada vez mais anacrónico ese modelo de muller imposto polo franquismo. A crecente incorporación das mulleres ó traballo asalariado e os cambios educativos acabarían superándoo, aínda que parte das mensaxes de fondo pervivisen.